

ESTREA EN NUMAX: 21.04.2025 | V.O. | 70 min

Na periferia dunha cidade, un home adormece na súa tenda de alimentación durante unha calorosa tarde de verán. Un soño premonitorio sobresáltao; mañá a cidade cambiará para sempre e ninguén lembrará como volver á casa.

A sesión contará con coloquio en liña cos autores ao remate da proxección.

«Como aproximarse hoxe ao retrato das grandes cidades, agora que a publicidade turística se axenciou de todo discurso? Quizais xa non quede xeito máis honesto de facelo que situarse onde o turista non quere mirar»

Jonay Armas, CAIMÁN



Algúns apuntamentos sobre o filme

Por Espírituescalera

Mitología de barrio é unha película sobre a memoria da cidade na que medramos, Madrid. É un paseo polas rúas nas que vivimos e que cambian ante os nosos ollos sen apenas decatarnos.

A través da imaxinación e do soño, *Mitología de barrio* propón unha viaxe por todos os barrios da periferia durante as últimas horas dunha calorosa tarde de verán. Será con Qing Dao, un dependente de orixe chinesa que dormita na tenda de alimentación dun destes barrios, con quen emprenda un camiño por estes lugares baleiros da cidade, que aos poucos se irán enrarecendo. Dentro da tenda, as pantasma e melodías da súa infancia toman forma mentres a cidade, tal e como a coñecemos, parece chegar á súa fin.

Mitología de barrio trata de achegar unha mirada sobre a nostalxia polos lugares que habitamos, a estrañeza ante un futuro incerto e a cidade como un territorio deseñado por quen nos goberna, que se expande ou se estreita segundo as súas necesidades baixo criterios que non dependen dos habitantes.

Mediante postais "turísticas" imposibles, onde a desproporción esaxerada entre a paisaxe urbana e os individuos xera un forte contraste emocional, a cidade parece converterse nun teatro imaxinado onde os recordos, o xogo e a fantasía conflúen entre as súas rúas. Unha mestura de ironía e tenrura debuxan un mapa non só xeográfico, senón tamén sentimental das aforas dunha gran cidade.

Deste xeito, xeramos un arquivo de toda a periferia de Madrid. Neste sopor dunha tarde de verán, coa súa temporalidade conxelada, revélanse espazos enganosamente desertos. Amplos planos fixos cobran vida con personaxes insistentes que parecen perdidos no espazo, en contraste coa perspectiva aterradora e elevada das tomas aéreas dos planificadores urbanos que se intercalan na película.

Fronte á representación clásica dos suburbios, que adoita tender ao gris e o deprimente, a luz e a cor que reflicte un sol omnipresente permítenos mirar horizontalmente estes lugares, para poder pensar neles, no seu presente efémero e no seu incerto futuro.

Publicado en mitologiadebarrio.com